

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE BETANZOS PARA AS OBRAS DE URXENCIA DO PARQUE DO PASATEMPO, BETANZOS (A CORUÑA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural vai formalizar co concello de Betanzos, o instrumento conxual arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento conxual ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e o concello de Betanzos para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de urxencia do Parque do Pasatempo, Betanzos (A Coruña)

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxual asinado se fundamenta no seguinte:

O Parque do Pasatempo localizado no concello de Betanzos está protexido polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. O parque está declarado BIC coa categoría de xardín histórico polo Decreto 23/2020 do 6 de febreiro, polo que se declara ben de interese cultural o Parque do Pasatempo de Betanzos (DOG núm. 35 do 20.02.2020) coa categoría de xardín histórico.

A causa do transcurso do tempo, é precisa unha actuación de acondicionamento e conservación do Parque do Pasatempo. Consistirá na reparación do sistema hidráulico dende o manancial ata os estanques da Terraza 1, para frear a produción de riscos e a posta en risco dos elementos xa restaurados, asemade, permitiría a posible utilización futura da rede para fornecer de auga as fontes, sen necesidade de electricidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxual.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

